

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE XUÑO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trece de xuño de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de

Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 5 de xuño de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Eliseo Diéguez García

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 6 de febreiro de 2024 (RE-E núm. 59), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	ELISEO DIÉGUEZ GARCÍA
DNI	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE QUINTÁ, PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DE PESCOZO

DATOS DA OBRA

OBXECTO	RENOVACIÓN DE MATERIAL DE COBERTURA EN TELLADO DE VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	QUINTÁ
PARROQUIA	SANTA MARIÑA DE PESCOZO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	000201000NH82F0001TU
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez, en data 05/02/24)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	3.754,75 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	NOVE (9) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 23/02/24)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SETENTA E CINCO EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (75,10 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Corcivi S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 13 de decembro de 2023 (RE-E núm. 720), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	CORCIVI S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE AGROCHOUSO, PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE CAMBA
REPRESENTANTE	MARTÍN LAMAS VILLANUEVA
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA (POLOS CAMPEIROS)
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A029000920000PP
LUGAR	AGROCHOUSO
PARROQUIA	SAN SALVADOR DE CAMBA
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDO XGL DE DATA 11/12/20)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATA 04/06/20 – EXPTE. NÚM. [REDACTED])
REGA	[REDACTED]
CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA	27.000 POLOS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión en data 02/10/23 (visado colexial núm. [REDACTED]), e anexo de data 02/04/24.
- Acta de comprobación favorable de data 05/06/24.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, INCLUÍDA NO PROGRAMA PON2030 (EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 1/2024)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, incluída no Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 (PON2030), na reunión celebrada o día 2 de maio de 2024, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	MELLORA 1	MELLORA 2	MELLORA 3	REDUCCIÓN PRAZO	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
VILARIÑO ESP S.L.U.	██████	426.672,33 €	37,40	8,31	0,80	2,89	2 MESES	8,00	57,40
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	399.820,30 €	80,00	8,31	0,80	2,89	2 MESES	8,00	100,00
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	██████	429.550,00 €	32,84	NON	NON	NON	NON	0,00	32,84
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	419.408,99 €	48,93	NON	NON	NON	2 MESES	8,00	56,93
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	418.868,80 €	49,78	8,31	0,80	2,89	2 MESES	8,00	69,78
CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS S.L.	██████	419.994,42 €	48,00	8,31	0,80	2,89	2 MESES	8,00	68,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	██████	400.633,61 €	78,71	8,31	0,80	NON	2 MESES	8,00	95,82
COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L.	██████	429.818,62 €	32,41	8,31	0,80	2,89	2 MESES	8,00	52,41

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	██████	100,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES S.L.	██████	95,82
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	69,78
CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS S.L.	██████	68,00
VILARIÑO ESP S.L.U.	██████	57,40
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	██████	56,93
COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS S.L.	██████	52,41
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS S.L.	██████	32,84

2º.- O licitador proposto Nature Infraestructuras y Servicios S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 18ª do prego (RS núm. 2024-S-RE-197, do 03/05/24).

3º.- Con data 21 de maio do corrente (RE núm. 2024-E-RE-274), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, de conformidade co esixido na cláusula 12ª do prego.
- ✓ Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e no ámbito territorial da realización da obra obxecto de licitación.
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 16.521,50 €, mediante ingreso en metálico realizado en data 21/05/24 na conta bancaria de titularidade municipal na entidade Abanca Corporación Bancaria S.A..

4º.- O Concello requiriu en datas 23/05/24 e 04/06/24 a emenda da documentación presentada (RS núm. 212 e 240). Ditos requirimentos foron atendidos con datas 29/05/24 e 04/06/24 (RE núm. 288 e 306).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN SEN IVE: 330.430,00 €

IVE: 69.390,30 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Trescentos noventa e nove mil oitocentos vinte euros con trinta céntimos (399.820,30 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar ao arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez como director facultativo da obra, e a Dona María Elena Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DENOMINADO “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de decembro de 2023, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Prego de prescricións técnicas asinado polo alcalde.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 100.195,00 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación do subministro, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

6.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE SOCORRISTA DA PISCINA MUNICIPAL

O Sr. alcalde informa aos/ás membros da Xunta de Goberno Local que, por mor da insólita demora por parte da Xunta de Galicia na convocatoria de subvencións para a contratación de socorristas no presente ano 2024, o Concello veuse privado da posibilidade de xerar crédito para poder convocar ditos postos e traballo como viña sendo o habitual en anos precedentes. Así, a convocatoria de axudas autonómicas non foi publicada no Diario Oficial de Galicia ate o día 31 de maio do corrente e, dado que o prazo de solicitudes é dun mes, a resolución das axudas non se vai producir ata ben entrado o mes de xullo, data na que as piscinas xa deben estar en pleno funcionamento. Esta circunstancia non prevista obrigou ao Concello a tramitar un expediente de modificación de créditos para dispoñer de consignación axeitada para a contratación de socorristas sen ter que agardar á eventual concesión da subvención, que obviamente vaise solicitar, por canto para dita eventual data a piscina debe estar en funcionamento, tendo en conta ademais a estrutural escaseza de candidatos/as a ocupar ditos postos. En consecuencia, o Concello vai proceder á convocatoria, con cargo á consignación do orzamento municipal, de dous socorristas, sen prexuízo a optar á subvención convocada pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión de dous (2) postos de traballo de socorrista a tempo completo, por un período máximo de tres meses.

Segundo.- Aplicar á presente convocatoria as bases e o baremo de selección aprobado no seu día por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 7 de xuño de 2023, agás as retribucións que serán as fixadas polo convenio sectorial de aplicación en vigor.

7.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2024.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de traballador/a social (RS núm. 376, do 10/05/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes candidatas:

Traballadora social (oferta núm. ██████████)

- García Fuentes, Tamara
- Jorge Couto, Ana María
- Liñares Lazcorreta, María Esther
- Vázquez Fuentes, Estefanía

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Jorge Couto, Ana María (RE núm. 811, do 29/05/24)
- García Fuentes, Tamara (RE núm. 815, do 30/05/24)

O Tribunal de selección previsto nas Bases, reunido o día 6 de xuño do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
ANA MARÍA JORGE COUTO	2,05
TAMARA GARCÍA FUENTES	4,35

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de cinco meses, da traballadora que deseguido se sinala:

Traballadora social

NOME E APELIDOS	DNI
TAMARA GARCÍA FUENTES	██████████

RESERVA:

ANA MARÍA JORGE COUTO

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

8.- CONTRATACIÓN DUN (1) TRABALLADOR AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2024

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 30 de abril do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Programa Aprol rural para o fomento do emprego no medio rural 2024.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de peón forestal (RS núm. 388, do 15/05/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Cambeiro Ouro, Noelia
- Carral Viana, Jesús
- Losada Blanco, María Carmen
- Momamed Aali, Tfarah
- Sadoviak Diéguez, Carlos Gabriel
- Salgado González, José M.
- Zeroual, Mostefa

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os seguintes candidatos:

- Carral Viana, Jesús (RE núm. 824, do 29/05/24)
- Salgado González, José Manuel (RE núm. 838, do 03/06/24)
- Sadoviak Diéguez, Carlos Gabriel (RE núm. 870 e 871, do 04/06/24)

— Zeroual, Mostefa (RE núm. 876, do 04/06/24)

Por Resolución da Alcaldía de data 06/06/24 todos os presentados foron admitidos ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 7 e 11 de xuño do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
CARRAL VIANA, JESÚS	-----	0,00	0,00
SADOVIK DIÉGUEZ, CARLOS GABRIEL	9,33	1,80	11,13
SALGADO GONZÁLEZ, JOSÉ MANUEL	-----	0,70	0,70
ZEROUAL, MOSTEFA	5,33	0,70	6,03

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor do candidato que obtivo a maior puntuación no proceso selectivo: Carlos Gabriel Sadoviak Diéguez.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal de selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (37,5 horas/semana), por un período de nove meses, do traballador que deseguido se sinala:

Peón forestal

NOME E APELIDOS	DNI
CARLOS GABRIEL SADOVIK DIÉGUEZ	██████████

RESERVAS:

MOSTEFA ZEROUAL
JOSÉ MANUEL SALGADO GONZÁLEZ
JESÚS CARRAL VIANA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 387,60 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/743 e 24A/744 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 454,30 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 001339.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 128,90 € E 18,45 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de maio de 2024, s/facturas núm. 4004000930 e 4004017428 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 69,99 €
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao primeiro cuadrimestre de 2024, s/cargo.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 2.218,24 € E 554,56 €
Honorarios por dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Marco 2023-2024, s/facturas núm. 007/2024 e 008/2024.
- LAURA OTERO RODRÍGUEZ 2.480,50 €
Honorarios por defensa letrada do Concello en autos PO 184/2023 ante o Xulgado do Social núm. 1 de Pontevedra, s/factura núm. A-757.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 81,12 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.

- AMADEO GONZÁLEZ CUÑARRO 34,99 €
Por subministro de diverso material para o programa municipal “Rodeiro Activo”, s/factura núm. 20240A000568.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.119,87 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de maio de 2024, s/factura núm. A/86 (FACe).
- BARRERAS DE SEGURIDAD S.L. 150,65 €
Por subministro de conos para sinalización viaria, s/factura núm. 2024/206 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 427,59 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001338.
- MIGUEL CONDE VALES 337,69 €
Por desmontaxe e montaxe de puntos de alumeado público para a instalación das carpas na iniciativa “Sabor Labrego” e nas festas de San Antonio, s/factura núm. S-201800530.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.500,82 € E 2.589,27 €
Por diversas reparacións en vehículos e maquinaria municipais, s/facturas núm. C 10465 e C 10467.
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 42,35 €
Por subministro de material para o abastecemento municipal, s/factura núm. A/124137 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.748,97 €
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 10466.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.149,98 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041274251 (FACe).

- ABEL DATORRE OTERO 2.541,00 €
Por transporte de aglomerado para obras en camiños municipais, s/factura núm. A/85 (FACe).
- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L. 18.128,53 €
Por traballos de bacheo en camiños municipais de Rubiás, Bagarelas-Saborín e Mamoelas, s/factura núm. 240067 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)